



CONCELLO DE SANTIAGO

VALORACIÓN DAS PROPOSICIÓNS ECONÓMICAS E OFERTAS PRESENTADAS NA LICITACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO DA SUSCRICIÓN DE DIVERSAS PÓLIZAS DE SEGURO PARA A COBERTURA DOS RISCOS POR RESPONSABILIDADE CIVIL-PATRIMONIAL E SEGURO COLECTIVO DE ACCIDENTES DO CONCELLO DE SANTIAGO

OFERTAS PRESENTADAS LOTE I

LOTE I: RESPONSABILIDADE CIVIL PATRIMONIAL PARA O EXCMO. CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A. OFERTA MAPFRE SEGUROS DE EMPRESAS COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS

Valoración da oferta presentada por Mapfre consonte aos criterios de adxudicación.

1.1. CRITERIO Nº 1. Valor económico da oferta, máximo 40 puntos.

Para a valoración do prezo e coa finalidade de outorgar a máxima puntuación á oferta máis económica e ao resto en proporción a esta, utilízase a fórmula seguinte:

$$Z * \frac{P-O}{P-BM}$$

Z = Máxima puntuación outorgada
P= Presuposto máximo de licitación
O= Oferta económica que se avalía
BM= Oferta económica máis baixa presentada

Oferta presentada: 58.000 euros
Presuposto de licitación: 77.625 euros
Oferta económica máis baixa: 58.000 euros

Valoración do criterio nº 1:.....40,00 puntos

1.2. CRITERIO Nº 2. Redución do importe da franquicia, máximo 20,00 puntos (=franquicia 0)

Non se establece franquicia ningunha por sinistro.
De conformidade co Prego de condicións a oferta que inclúa unha franquicia de 0 euros recibe a puntuación máxima.

Valoración do criterio nº 2:.....20,00 puntos

1.3. CRITERIO Nº 3. Melloras cuantificables ofertadas polo licitador

Segundo o Prego de condicións para a valoración de cada unha das melloras establecidas neste apartado utilizarase un criterio de proporcionalidade directa en función dos importes presentados polas distintas ofertas:

1. DANOS PATRIMONIAIS PUROS.....2,4 puntos

A oferta que se valora establece un sublímite para danos patrimoniais puros de 600.000 euros, polo que valorada proporcionalmente coa de maior contía (3.000.000 euros) outórganselle 2,4 puntos.

2. INCREMENTO SUBLÍMITE VÍTIMA RC PATRONAL.....3,6 puntos

A oferta que se valora establece un sublímite para a cobertura RC patronal de de 600.000 euros, polo que valorada proporcionalmente coa de maior contía (3.000.000 euros) outórganselle 3,6 puntos

3. RESPONSABILIDADE PUBLICITARIA.....1 punto

A oferta que se valora establece un sublímite para esta cobertura de 1.200.000 euros, polo que resultando a de maior contía (1.200.000 euros) outórgaselle 1 punto.

4. PÉRDIDA OU EXTRAVÍO DE DOCUMENTOS.....3 puntos

A oferta que se valora establece un sublímite para esta cobertura de 450.000 euros, polo que valorada proporcionalmente coa de maior contía (600.000 euros) outórganselle 3 puntos

5. EXTENSIÓN DO ÁMBITO TERRITORIAL..... 0 puntos

Faise constar, para coñecemento da mesa para o efecto de que adopte a decisión que proceda, que non se inclúe esta mellora do xeito que se especifica na cláusula 3.2 parágrafo 5 do Prego técnico, ao excluir a USA e a Canadá. Por outra banda o Prego de condicións administrativas remítese ao Prego técnico para a súa valoración sen establecer para esta mellora, a diferenza das outras, criterio de proporcionalidade ningún en función das exclusións, en consecuencia outórganselle 0 puntos

6. EXTENSIÓN DO ÁMBITO TEMPORAL.....3 puntos

Inclúe dita mellora, polo que se lle outorgan 3 puntos

1	DANOS PATRIMONIAIS PUROS	2,4
2	INCREMENTO SUBLÍMITE RC PATRIMONIAL	3,6
3	RESPONSABILIDADE PUBLICITARIA	1
4	PÉRDIDA OU EXTRAVÍO DE DOCUMENTOS	3



CONCELLO DE SANTIAGO

5	EXTENSIÓN DO ÁMBITO TERRITORIAL	0
6	EXTENSIÓN DO ÁMBITO TEMPORAL	3
	Puntuación total	13

Valoración do criterio nº 3:.....13 puntos

TOTAL VALORACIÓN LOTE I:.....73 PUNTOS

B. OFERTA SEGURCAIXA ADESLAS S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS

Valoración da oferta presentada por Segurcaixa Adeslas consonte aos criterios de adxudicación

1.1. CRITERIO Nº 1. Valor económico da oferta, máximo 40 puntos.

Para a valoración do prezo e coa finalidade de outorgar a máxima puntuación á oferta máis económica e ao resto en proporción a esta, utilízase a fórmula seguinte:

$$Z * \frac{P-O}{P-BM}$$

- Z = Máxima puntuación outorgada
- P= Presuposto máximo de licitación
- O= Oferta económica que se avalía
- BM= Oferta económica máis baixa presentada

Oferta presentada: 64.428,75 euros
 Presuposto de licitación: 77.625 euros
 Oferta económica máis baixa: 58.000 euros

Valoración do criterio nº 1:.....26,89 puntos

1.2. CRITERIO Nº 2. Reducción do importe da franquicia, máximo 20,00 puntos (=franquicia 0)

Non se establece franquicia ningunha por sinistro.

De conformidade co Prego de condicións a oferta que inclúa unha franquicia de 0 euros recibe a puntuación máxima.

Valoración do criterio nº 2:.....20,00 puntos

1.3. CRITERIO Nº 3. Melloras cuantificables ofertadas polo licitador

Segundo o Prego de condicións para a valoración de cada unha das melloras establecidas neste apartado utilizarase un criterio de proporcionalidade directa en función dos importes presentados polas distintas ofertas:

1. DANOS PATRIMONIAIS PUROS.....4,8 puntos

A oferta que se valora establece un límite para danos patrimoniais puros de 1.200.000 euros, polo que valorada proporcionalmente coa de maior contía (3.000.000 euros) outórganselle 4,8 puntos.

2. INCREMENTO SUBLÍMITE VÍTIMA RC PATRONAL.....5,4 puntos

A oferta que se valora establece un sublímite para a cobertura RC patronal de de 900.000 euros, polo que valorada proporcionalmente coa de maior contía (1.000.000 euros) outórganselle 3,6 puntos

3. RESPONSABILIDADE PUBLICITARIA.....0 puntos

Faise constar, para coñecemento da mesa co obxecto de que adopte a decisión que proceda, que a oferta se refire á responsabilidade publicitaria pero non específica mellora económica ningunha. Ao non incluír mellora cuantificable ningunha, non se axusta ao establecido nos Pregos, nin pode valorarse proporcionalmente respecto ás restantes. En consecuencia, outórganselle 0 puntos.

4. PÉRDIDA OU EXTRAVÍO DE DOCUMENTOS.....2 puntos

A oferta que se valora establece un límite para esta cobertura de 300.000 euros, polo que valorada proporcionalmente coa de maior contía (600.000 euros) outórganselle 2 puntos

5. EXTENSIÓN DO ÁMBITO TERRITORIAL.....2 puntos

Inclúe dita mellora do xeito especificado nos Pregos. Outórganselle 2 puntos.

6. EXTENSIÓN DO ÁMBITO TEMPORAL.....3 puntos

Inclúe dita mellora, polo que se lle outorgan 3 puntos

1	DANOS PATRIMONIAIS PUROS	4,8
2	INCREMENTO SUBLÍMITE RC PATRIMONIAL	5,4



CONCELLO DE SANTIAGO

3	RESPONSABILIDADE PUBLICITARIA	0
4	PÉRDIDA OU EXTRAVÍO DE DOCUMENTOS	2
5	EXTENSIÓN DO ÁMBITO TERRITORIAL	2
6	EXTENSIÓN DO ÁMBITO TEMPORAL	3
	Puntuación total	17,2

Valoración do criterio nº 3:..... 17,2 puntos

TOTAL VALORACIÓN LOTE I:.....64.09 puntos

C. OFERTA ZURICH INSURANCE PLC SUCURSAL EN ESPAÑA

Valoración da oferta presentada por Zurich Insurance consonte aos criterios de adxudicación

1.1. CRITERIO Nº 1. Valor económico da oferta, máximo 40 puntos.

Para a valoración do prezo e coa finalidade de outorgar a máxima puntuación á oferta máis económica e ao resto en proporción a esta, utilízase a fórmula seguinte:

$$Z * \frac{P-O}{P-BM}$$

Z = Máxima puntuación outorgada
 P= Presuposto máximo de licitación
 O= Oferta económica que se avalía
 BM= Oferta económica máis baixa presentada

Oferta presentada: 64.008,45 euros
 Presuposto de licitación: 77.625 euros
 Oferta económica máis baixa: 58.000 euros

Valoración do criterio nº 1:.....27,75 puntos

1.2. CRITERIO Nº 2. Reducción do importe da franquicia máximo 20,00 puntos (=franquicia 0)

Establece franquicia polo importe de 0 euros.



CONCELLO DE SANTIAGO

De conformidade co Prego de condicións a oferta que inclúa unha franquicia de 0 euros recibe a puntuación máxima.

Valoración do criterio nº 2:.....20,00 puntos

1.3. CRITERIO Nº 3. Melloras cuantificables ofertadas polo licitador

Segundo o Prego de condicións para a valoración de cada unha das melloras establecidas neste apartado utilizarase un criterio de proporcionalidade directa en función dos importes presentados polas distintas ofertas:

1. DANOS PATRIMONIAIS PUROS.....12 puntos

A oferta que se valora establece un límite para danos patrimoniais puros de 3.000.000 euros para esta garantía, polo que ao ser a de maior contía das ofertadas outórganselle 12 puntos.

2. INCREMENTO SUBLÍMITE VÍTIMA RC PATRONAL.....6 puntos

A oferta que se valora establece un sublímite para a cobertura de RC patronal de de 1.000.000 euros para esta garantía, polo que ao ser a de maior contía dentre as ofertadas outórgaselle a puntuación máxima prevista no Prego, de 6 puntos.

3. RESPONSABILIDADE PUBLICITARIA.....0,5 puntos

Para valoración da mesa faise constar que na oferta consta literalmente "6.00.000 euros". Enténdese que se trata dun erro e que se refire a "600.000 euros"

A oferta que se valora establece un límite para esta cobertura de 600.000 euros, polo que valorada proporcionalmente coa de maior contía (1.200.000 euros) outórganselle 0,5 puntos.

4. PÉRDIDA OU EXTRAVÍO DE DOCUMENTOS.....4 puntos

Para valoración da mesa faise constar que na oferta consta literalmente "6.00.000 euros". Enténdese que se trata dun erro e que se refire a "600.000 euros"

A oferta que se valora establece un límite para esta cobertura de 600.000 euros, polo que polo que ao ser a de maior contía dentre as ofertadas outórgaselle a puntuación máxima prevista no Prego de 4 puntos

5. EXTENSIÓN DO ÁMBITO TERRITORIAL..... 2 puntos

Inclúe esta mellora do xeito que se especifica no Prego técnico, otórganselle 2 puntos



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

6. EXTENSIÓN DO ÁMBITO TEMPORAL.....3 puntos

Inclúe dita mellora, polo que se lle outorgan 3 puntos

1	DANOS PATRIMONIAIS PUROS	12
2	INCREMENTO SUBLIMITE RC PATRIMONIAL	6
3	RESPONSABILIDADE PUBLICITARIA	0,5
4	PÉRDIDA OU EXTRAVÍO DE DOCUMENTOS	4
5	EXTENSIÓN DO ÁMBITO TERRITORIAL	2
6	EXTENSIÓN DO ÁMBITO TEMPORAL	3
	Puntuación total	27,5

Valoración do criterio nº 3:..... 27,5 puntos

TOTAL VALORACIÓN LOTE I:.....75,25 PUNTOS

OFERTAS PRESENTADAS LOTE II

LOTE II: RISCO COLECTIVO DE ACCIDENTES PARA OS EMPREGADOS DO EXCMO. CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A. OFERTA SURNE MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS

1.1. CRITERIO Nº 1. Valor económico da oferta, máximo 40 puntos

Para a valoración do prezo e coa finalidade de outorgar a máxima puntuación á oferta máis económica e o resto en proporción a ésta, utilízase a fórmula seguinte:

$$Z * \frac{P - O}{P - BM}$$

Z = Máxima puntuación outorgada
P= Presuposto máximo de licitación
O =Oferta económica que se avalía
BM= Oferta económica máis baixa presentada

Oferta presentada: 11.184,95 euros
Presuposto de licitación: 19.575 euros
Oferta económica máis baixa: 11.184,95 euros

Valoración do criterio Nº 1:.....40,00 puntos

1.2. CRITERIO Nº 2. Valor económico da oferta, tendo en conta o incremento de capitais (de 0 a 30 puntos)

1. Falecemento por accidente: Oferta un capital de 45.000 euros, polo que á vista de que o Prego outorga 1 punto por cada 1.000 euros de incremento do capital nel fixado, obtén unha puntuación de 5 puntos.

2. No caso de Invalidez Permanente Absoluta: Oferta un capital de 45.000 euros, polo que á vista de que o Prego outorga 1 punto por cada 1.000 euros de incremento do capital nel fixado, obtén unha puntuación de 5 puntos.

3. No caso de Invalidez Permanente Total: Oferta un capital de 45.000 euros, polo que á vista de que o Prego outorga 2 puntos por cada 1.000 euros de incremento do capital nel fixado, obtén unha puntuación de 10 puntos.



CONCELLO DE SANTIAGO

4. No caso de Invalidez Parcial: Oferta un capital de 45.000 euros, polo que á vista de que o Prego outorga 1 punto por cada 1.000 euros de incremento do capital nel fixado, obtén unha puntuación de 5 puntos.

4. No caso de Gran Invalidez: Oferta un capital de 45.000 euros, polo que á vista de que o Prego outorga 1 punto por cada 1.000 euros de incremento do capital nel fixado, obtén unha puntuación de 5 puntos.

Sobre a base anterior, a puntuación obtida por esta oferta é a seguinte:

GARANTÍAS	Capitais Prego	Capital ofertado	Puntuación criterio nº 2
Falecemento por Accidente	40.000	45.000	5
Invalidez Permanente Absoluta	40.000	45.000	5
Invalidez Permanente Total	40.000	45.000	10
Invalidez Parcial	40.000	45.000	5
Gran Invalidez	40.000	45.000	5
TOTAL PUNTUACIÓN			30

Valoración do criterio nº 2:.....30,00 puntos

TOTAL VALORACIÓN LOTE II :.....70 PUNTOS

B. OFERTA ZURICH INSURANCE PLC SUCURSAL EN ESPAÑA

1.1. CRITERIO Nº 1. Valor económico da oferta, máximo 40 puntos

Para a valoración do prezo e coa finalidade de outorgar a máxima puntuación á oferta máis económica e o resto en proporción a ésta, utilízase a fórmula seguinte:

$$Z * \frac{P-O}{P-BM}$$

Z = Máxima puntuación outorgada

P= Presupuesto máximo de licitación
O =Oferta económica que se avalía
BM= Oferta económica máis baixa presentada

Oferta presentada: 12.528 euros
Presuposto de licitación: 19.575 euros
Oferta económica máis baixa: 11.184,95 euros

Valoración do criterio nº 1:.....33,59 puntos

1.2. CRITERIO Nº 2: Valor económico da oferta, tendo en conta o incremento de capitais (de 0 a 30 puntos)

1. Falecemento por accidente: Oferta un capital de 45.000 euros, polo que á vista de que o Prego outorga 1 punto por cada 1.000 euros de incremento do capital nel fixado, obtén unha puntuación de 5 puntos.

2. No caso de Invalidez Permanente Absoluta: Oferta un capital de 45.000 euros, polo que á vista de que o Prego outorga 1 punto por cada 1.000 euros de incremento do capital nel fixado, obtén unha puntuación de 5 puntos.

3. No caso de Invalidez Permanente Total: Oferta un capital de 45.000 euros, polo que á vista de que o Prego outorga 2 puntos por cada 1.000 euros de incremento do capital nel fixado, obtén unha puntuación de 10 puntos.

4. No caso de Invalidez Parcial: Oferta un capital de 45.000 euros, polo que á vista de que o Prego outorga 1 punto por cada 1.000 euros de incremento do capital nel fixado, obtén unha puntuación de 5 puntos.

4. No caso de Gran Invalidez: Oferta un capital de 45.000 euros, polo que á vista de que o Prego outorga 1 punto por cada 1.000 euros de incremento do capital nel fixado, obtén unha puntuación de 5 puntos.

En virtude do anterior, a puntuación obtida por esta oferta á a seguinte:

GARANTÍAS	Capitais Prego	Capital ofertado	Puntuación criterio nº 2
Falecemento por Accidente	40.000	45.000	5
Invalidez Permanente Absoluta	40.000	45.000	5
Invalidez	40.000	45.000	10

Permanente Total			
Invalidez Parcial	40.000	45.000	5
Gran Invalidez	40.000	45.000	5
TOTAL PUNTUACIÓN			30

Valoración do criterio nº 2:30,00 puntos

TOTAL VALORACIÓN LOTE II :63,59... PUNTOS

CADRO FINAL RESUME DAS PUNTUACIÓNS

	MAPFRE	SEGURCAIXA	ZURICH
LOTE I	73 puntos	64,09 puntos	75,25 puntos

	SURNE	ZURICH
LOTE II	70 puntos	63,59 puntos

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2014

A xefa do servizo de asistencia xurídica,

Asdo. M^a Luisa Prego de Oliver López

